



PLAN DIXITAL

**CEIP de Prácticas da Escola
Universitaria de Formación do
Profesorado de EXB de Ourense**

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP de Prácticas da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Ourense

Enderezo: Rúa Vicente Risco, n.º 9 – 32002 – Ourense

Teléfono: 988218441

Fax: 988373728

Páxina web: <https://edu.xunta.gal/centros/ceippracticasourense>

Correo-e: ceip.practicas.ourense@edu.xunta.gal

Etapas educativas: Educación Infantil – Educación Primaria

Alumnado:

| Curso: | Alumnado matriculado |
|--------------------|----------------------|
| EDUCACIÓN INFANTIL | 154 |
| 1º de PRIMARIA | 75 |
| 2º de PRIMARIA | 70 |
| 3º de PRIMARIA | 79 |
| 4º de PRIMARIA | 80 |
| 5º de PRIMARIA | 82 |
| 6º de PRIMARIA | 75 |
| TOTAL | 615 |

Profesorado:

| | Número | definitivo | provisional | itinerante |
|----------------------------------|--------|------------|-------------|------------|
| Profesorado | 55 | 42 | 11 | 2 |
| Outros profesionais de educación | 1 | 0 | 1 | 0 |

Instalacións: Na actualidade, o centro conta coas seguintes aulas e dependencias: 29 aulas ordinarias, 1 aula de plástica, 7 aulas de PT, 3 aulas de AL, 2 aulas de relixión, 1 aula de informática, 1 aula de música, 1 aula de psicomotricidade, 1 aula de convivencia, 2 bibliotecas, 2 salas de mestres, 5 despachos, 2 comedores, pavillón deportivo, pista polideportiva exterior.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio de Prácticas está situado na marxe norte do río Miño, enclavado no barrio denominado "A Ponte", pertencente ao Concello de Ourense. Este barrio está unido á cidade

mediante catro pontes sobre o río. Conta con boas comunicacións. Ademais das reseñadas de unión coa cidade pola "Ponte Romana", que é peonil, a "Ponte Nova", a "Ponte do Ribeiriño", a "Ponte do Milenio" e a do tren, ten outras coma a chegada e saída de autobuses urbanos dende todos os puntos da cidade, unha estación de autobuses procedentes de fóra de Ourense, e unha estación de ferrocarril que une Ourense coas principais vilas e cidades de Galicia. A súa actividade económica desenvólvese ao redor do pequeno comercio, da construción e dos servizos, como Correos e Renfe. Dispón tamén de Centro de Saúde.

O CEIP de Prácticas de Ourense ten unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as moi activa. Organizan un bo número de actividades complementarias polas tardes, excursións e encárganse da xestión e o funcionamento do servizo de Comedor Escolar, que atende nestes momentos a case trescentos alumnos/as. Tamén xestiona o servizo diario de Atención Temperá, desde as 7:30 h. ata as 9:00 horas. O alumnado que solicita este servizo pode facelo co almorzo.

O nivel educativo e cultural das familias do alumnado é de tipo medio, aínda que nestes últimos anos apréciase máis heteroxeneidade, de acordo aos tempos que vivimos.

O centro, desde o curso 2010-2011 forma parte do Proxecto Abalar. Desde esa data, o centro foi progresivamente dotando as diferentes aulas con ordenadores, proxectores e encerados dixitais. A partir do curso 2020-2021 participa no Proxecto E-Dixgal.

O centro participa nos seguintes programas innovadores:

| | |
|--|---|
| E-Dixgal | Contratos-programa inclúe: emoción-t, inclúe-t, iguála-t, convive-t |
| Plan Proxecta: Vexo, veo xacobeo | Contratos-programa recupéra-t: Arco, proa + |
| PLAMBE | 3 club de lectura |
| Seccións bilingües | Alerta escolar |
| Proxecto de formación en centros (6 itinerarios) | Equipos de dinamización da lingua galega |
| Plan dixital | |

Este Plan Dixital contribuirá á Programación Xeral Anual do curso 22/23 incidindo en aspectos como a organización do profesorado, os horarios da aula de informática, na temática a tratar nas diferentes reunións de coordinación do profesorado tanto a nivel de ciclo e de dinamizacións como nas reunións da CCP, o Claustro e Consello Escolar. Tamén terá incidencia na metodoloxía a seguir nas diferentes áreas que redundará nunha mellora do proceso de ensino-aprendizaxe que se desenvolve nas aulas, sendo, en último termo, o alumnado o protagonista deste cambio.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este plan está xustificado legislativamente polas seguintes leis orgánicas, ordes, resolucións e disposicións adicionais:

- LO 2/2006 de 3 de maio → Art. 111 bis, que trata da incorporación da Tecnoloxía da Información e da Comunicación á xestión educativa e ao ensino-aprendizaxe nos centros e

nas aulas; Art. 121, no que se establece o Proxecto Educativo de Centro como eixo fundamental que amosa os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa; no que se establece o Proxecto Educativo de Centro como eixo fundamental e Art. 132, no que se establecen as competencias do director/a.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 na que se establece que durante o curso 20-21 os centros deseñarán un plan dixital.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital comezou no mes de novembro no seo do Equipo de Dinamización TIC constituído por representantes de E Infantil e os diferentes cursos de E. Primaria. Este equipo traballou sobre a enquisa SELFIE, seleccionando as preguntas pertinentes, incorporando as preguntas establecidas pola administración, elaborando as preguntas propias e específicas do noso centro e difundindo a realización da enquisa entre o profesorado. Esta enquisa desenvolveuse entre 3 e o 20 de decembro. Tamén xestionou a realización do Test CDD.

Posteriormente, cando no mes de marzo ía realizarse a análise dos datos obtidos da enquisa SELFIE e do Test CDD, e ante a necesidade de asistir ás sesións formativas organizadas por ADIX-OU1, creouse dentro do Equipo de Dinamización TIC unha comisión formada polo profesorado interesado na participación, que posteriormente se abriu a todo o claustro. Isto obrigou a modificar a relación do profesorado do Grupo de Traballo do Plan Dixital que, inicialmente, estaba constituído polo mesmo profesorado que participaba no Seminario de Profundización en E-Dixgal, pertencente ao mesmo PFPP.

Este equipo participou nas xornadas de formación, reflexionou sobre os resultados das enquisas e elaborou o DAFO participando nas reunións pertinentes. Na seguinte fase, en varias sesións de traballo, deseñou os obxectivos SMART e as liñas de actuación previstas para desenvolver o plan no vindeiro curso. Nunha última fase, redactou este plan dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

O centro dispón de servizo de telefonía de voz contando cunha liña e unha centralita que xestiona seis terminais. Tamén conta cunha liña de datos (fax).

Todas as dependencias do centro están cableadas con puntos de acceso cuxo número depende do uso da mesma.

Neste momento en todas as dependencias hai acceso ás WIFI Abalar e edu.xunta.es, mellora acometida durante o presente curso.

Equipamento dispoñible:

- Aulas dixitalizadas: 25 (con proxector, ordenador portátil, encerado dixital ou pantalla dixital (3) e conexión WIFI). 1 pantalla dixital Multiclass móbil a disposición de quen o precise.
- Proxecto E-Dixgal:
 - 7 aulas dixitalizadas (proxector, ordenador portátil profesorado, encerado dixital, carro de carga (-1), conexión WIFI Abalar.
 - 157 portátiles Lenovo Yoga 11 e para cada alumno/a.
 - 6 portátiles Lenovo Yoga 11 e de reserva para incidencias.
 - 17 ordenadores portátiles para uso do profesorado.
- Proxecto Abalar (2010):
 - 150 miniportátiles sen uso debido á falta de carros de carga adaptados a eles e a inexistencia de cobertura wifi. Desde o terceiro trimestre xa se poden conectar.
- Equipos de xestión e administración:
 - 4 ordenadores sobremesa con conexión a dúas impresoras e unha fotocopiadora para dirección, xefatura de estudos, secretaría e administrativa.
 - 1 ordenador portátil para dirección.
 - 1 proxector portátil
- Biblioteca:
 - 2 portátiles para xestión e servizo de empréstito de libros para a comunidade educativa.
 - Impresora de etiquetas
 - 10 tabletas SamSung TAB
 - 1 pantalla dixital Multiclass móbil
 - Mesa táctil
 - Mesa de luz
 - Cámara de vídeo
- Equipos para uso do profesorado e departamentos:
 - Salas de profesorado: 5 ordenadores sobremesa (sala profesorado planta baixa); 2 ordenadores sobremesa (sala profesorado terceiro anda). Conexión a fotocopiadora
 - Departamento de Orientación: 1 sobremesa con impresora e conexión á fotocopiadora por rede.
 - Despachos de PT e AL: 11 ordenadores sobremesa/portátiles. Dous destes despachos teñen unha pantalla táctil para traballar con alumnado NEAE.

- Aula de Informática:
 - 11 ordenadores portátiles (procedentes de renovacions de equipos mercados polo centro).
 - 14 ordenadores sobremesa marca Dell (primeira remesa enviada ao centro ano 2010).
- Proxecto Educa en Dixital:
 - 20 portátiles marca ACER

Servizos dixitais:

- Correo corporativo do centro
- Páxina web do centro.
- Galería Coopermine
- Aula Virtual do centro.
- espazo-Abalar
- AbalarMóbil
- E-Dixgal
- Educa en Dixital

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- O mantemento da infraestrutura de conexión corre a cargo da UAC e de Soporte Premium Dixital coa colaboración do coordinador TIC e E-Dixgal.
- O mantemento dos equipos subministrados pola Consellería corre a cargo da UAC e de Soporte Premium Dixital, mentres estean en vigor as garantías. Unha vez superada a data da garantía o propio centro pasa a xestionar o mantemento.
- O mantemento do equipamento mercado polo centro corre a cargo do mesmo, a través dunha empresa que realiza as reparacións necesarias.

Plan de continxencia:

- O centro prestou servizos dixitais ás familias e ao alumnado confinado durante o curso 2019-2020 a través da páxina web do centro e da aula virtual, detectou necesidades das familias en canto a conectividade e equipamento e proporcionou medios propios para que o alumnado puidese continuar coa súa aprendizaxe.
- Durante os cursos 202-2021 e 2021-2022, seguindo as instruccións da Consellería, elaboráronse [plans de continxencia](#), nos que se regula o uso dos servizos dixitais que o centro pon a disposición das familias e alumnado que debeu permanecer na casa por motivo da COVID-19.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

| Areas | Grupos | Ensinanzas |
|---|----------------|------------|
| | | Primaria |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 4,2 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | - |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,7 |
| | Profesorado | 3,5 |
| | Alumnado | 4 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4,4 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | 4,2 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,3 |
| | Profesorado | 4,1 |
| | Alumnado | - |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4,1 |
| | Profesorado | 4,1 |
| | Alumnado | - |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3,8 |
| | Profesorado | 3,6 |
| | Alumnado | 3,5 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3,6 |
| | Profesorado | 3,4 |
| | Alumnado | - |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3,9 |
| | Profesorado | 3,7 |
| | Alumnado | 4 |

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 26 | 38 | 68,4 % |
| PROVISIONAL | 9 | 11 | 81,8 % |
| INTERINO | 4 | 4 | 100 % |
| SUBSTITUTO | 7 | 13 | 53,8 % |
| OUTRO | 2 | 2 | 100 % |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 74,9 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Inf. | 75,8 % | Integrador/a (B1) | 68,2 % | Integrador/a (B1) |
| Pri | 78,7 % | Integrador/a (B1) | 77 % | Integrador/a (B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | 2 | 4,2 % |
| A2 | 21 | 43,8 % |
| B1 | 13 | 27,1 % |
| B2 | 10 | 20,8 % |
| C1 | 2 | 4,2 % |
| C2 | | |
| TOTAL | 48 | 100,00% |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | C2. No centro contamos con dispositivos dixitais que se poden utilizar no labor docente. C5. Dispoñemos dunha asistencia técnica rápida e eficiente. | |
| | PERSOAL DOCENTE | D2. O centro oferta a posibilidade de acceder a FPP no relativo ao ensino e á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. E1. O profesorado do centro busca e emprega recursos educativos en liña. B2. Debatermos sobre as vantaxes e desvantaxes sobre o uso da tecnoloxía. E3. O profesorado utiliza a aula virtual do centro e o proxecto E-DIXGAL. E4. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais (AbalarMóbil, correo electrónico...) para a comunicación relativa ao centro educativo. F1. O profesorado adapta os seus métodos de ensino ás necesidades individuais do alumnado utilizando tecnoloxías dixitais. F4. O profesorado utiliza actividades de aprendizaxe dixitais para motivar ao alumnado | D3. Non se establecen as canles necesarias para un eficiente intercambio de experiencias no centro, sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. F6. No centro non se fomenta suficientemente o emprego da tecnoloxía dixital en proxectos interdisciplinares E2. A maioría do profesorado non crea recursos dixitais para reforzar o seu labor docente. G.1-G.3-G.7. O profesorado utiliza con pouca frecuencia instrumentos de avaliación dixitais do proceso de ensinanza-aprendizaxe. G10. As habilidades dixitais do alumnado que desenvolve fóra do centro, non son valoradas suficientemente. F5. Non se emprega a tecnoloxía dixital para facilitar a colaboración /cooperación entre o alumnado |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |
| | ALUMNADO | H10. O alumnado utiliza a tecnoloxía en diferentes materias H1.-H3. O alumnado aprende a actuar de maneira responsable e segura na Internet. H4. O alumnado aprende a consultar varias fontes de información para contrastar a súa fiabilidade. | H11. O alumnado non aprende a codificar ou programar. H13. O alumnado non é capaz de resolver problemas técnicos por sí mesmo. H7. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais |
| | FAMILIAS | PDC. As familias empregan de xeito xeralizado a plataforma AbalarMóbil para solicitar titorías, xustificar faltas e comunicarse cos titores/as e profesorado. | |

| | | |
|-------------------------------|---|--|
| OFERTA | O servizo de comedor emprega a páxina web do centro para comunicar normas e mostrar os menús mensuais | |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | DPC. O profesorado fórmase en colaboración cos seus compañeiros/as do centro e a través da formación en liña. | A1. O centro conta cunha estratexia dixital, pero non está ben concretada. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|---------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | C3. O centro conta con acceso a internet para a ensinanza-aprendizaxe en todas as instalacións C1. O centro pertence e desenvolve o programa E-Dixgal. | Gran parte do profesorado ten que empregar os seus propios medios dixitais no seu propio domicilio para o ensino a distancia, cando teñen que recurrir puntualmente a este tipo de ensino. O profesorado non dispón do tempo necesario dentro do horario escolar para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. |
| | LEXISLACIÓN | A5. Respectamos os dereitos de autor e as licenzas de uso. C7. O centro aplica a lexislación de protección de datos nas distintas actividades propostas e só emprega as plataformas dixitais fornecidas pola administración educativa. | |
| | CONTORNA | PDC. A maioría do alumnado ten acceso a dispositivos dixitais na casa. | O acceso limitado de parte do alumnado a unha conexión estable de calidade prexudica a ensinanza mixta. A limitada competencia dixital dalgunhas familias prexudica á aprendizaxe mixta. |
| | ANPA | | A ANPA deixou de ofertar actividades extraescolares relacionadas coas tecnoloxías dixitais. |
| | OUTRAS ENTIDADES | | B3. O noso centro non colabora con institucións alleas no ámbito das TIC |

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar Plan de Acción a partir da análise DAFO partimos de dúas ideas básicas: afianzar algunhas fortalezas e oportunidades que consideramos básicas para unha dixitalización realmente efectiva en todo o centro e comezar a paliar algunhas das debilidades e ameazas que pensamos que este plan pode abordar no vindeiro curso.

As área prioritarias de actuación son:

- A. Liderado. Difundir o plan dixital entre toda a comunidade educativa e avalialo periódicamente.
- B. Colaboración e redes, abrindo o centro á colaboración con outros centros e á difusión de novas experiencias e posibilidades de educación dixital .
- E. Pedagogía – Apoios e recursos, normalizando o uso da aula virtual do centro polo alumnado ata cuarto de Primaria.
- F. Pegagogía - implementación na aula, creando repositorios de materiais didácticos dixitais por etapa, ciclo e centro e participando no proxecto de creación dun Polo Creativo para que o alumnado poida aprender de xeito manipulativo e experiencial e o profesorado poida investigar con novas metodoloxías empregando as TIC.
- G. Avaliación, mellorando o uso do sistema de avaliación presente na AV de E-Dixgal, de xeito que permita a avaliación entre iguais.
- H. Competencias dixitais do alumnado, empregando a aula de informática de xeito periódico e, de darse a posibilidade, a aula do Polo Creativo.

Os obxectivos que nos propoñemos son os seguintes:

1. Dar a coñecer a estratexia dixital establecida por este plan dixital a todo o profesorado definitivo, de nova incorporación e á comunidade educativa.
2. Realizar un seguimento trimestral da implementación do plan dixital.
3. Crear un repositorio de recursos dixitais por ciclos e a nivel de centro que favoreza o intercambio de materiais dixitais.
4. Empregar os libros de cualificación no Moodle do E-Dixgal (5º-6º de Primaria).
5. Utilizar a aula de informática do centro polo alumnado ata cuarto de Primaria cun horario establecido
6. Participar no proxecto de innovación de Polos Creativos.
7. Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.
8. Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características.
9. Normalizar o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado

Para cada un destes obxectivos establecemos un valor de partida e o valor previsto; un responsable da súa execución; as accións que cada obxectivo conleva indicando a persoa ou equipo responsable da mesma así como os recursos humanos e materiais necesarios para que poidan ser realizadas. Por outra banda, tamén se determinan os prazos temporais para a realización da cada acción.

Estes elementos recóllense nunha táboa para cada obxectivo. Cada táboa servirá, á súa vez, para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

| "Área/s de mellora": Liderado (A1) | | | | | | |
|---|--|-------------------|---|-----------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO : | Dar a coñecer a estratexia dixital establecida por este plan dixital a todo o profesorado definitivo, de nova incorporación e á comunidade educativa | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Acuse de recibo do correo enviado | | | | | |
| Valor de partida | Ningún acuse de recibo | | | | | |
| Valor previsto e data | Acuse de recibo de todo o profesorado | | | 30/09/2022 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLE | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO1.1: Incluir na orde do día dun claustro de principio de curso un punto referente ao plan dixital | Secretaría | 15/09/2022 | Acta Equipo directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Enviar a cada membro do claustro por correo-e o documento co plan dixital do centro | Secretaría | 15/09/2022 | Lista do claustro Correo-e Plan dixital Equipo directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Cotexo dos acuse de recibo coa listaxe de membros do claustro | Secretaría | 20/09/2022 | Correo-e | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.4: Incluir na orde do día dun consello escolar de principio de curso un punto referido a información sobre o plan dixital do centro. | Secretaría | 30/09/2022 | Lista de membros do Consello Escolar Correo-e | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Liderado (A1) | | | | | | |
|--|---|---|---|---|--------------------|--|
| 2. OBXECTIVO | Realizar un seguimento trimestral da implementación do plan dixital | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE | Xefatura de estudos / CCP | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Recollida na acta da CCP da implementación trimestral do plan | | | | | |
| Valor de partida | Non hai | | | | | |
| Valor previsto e data | Unha recollida trimestral na acta da CCP | | | Día da última reunión trimestral da CCP | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRCIÓN | RESPONSABLE | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO2.1: Incluir como punto a tratar na orde do día da CCP o grao de implementación do plan dixital en cada trimestre | Equipo directivo | Convocatoria da última reunión da CCP de cada trimestre | Convocatoria Membros da CCP | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2: Recoller o seguimento na acta da CCP correspondente | Xefe de estudos | Remate da última reunión da CCP de cada trimestre | Acta | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.3: Informar aos equipos de ciclo do seguimento trimestral | Coordinador/a ciclo | Reunión de ciclo seguinte á última CCP trimestral | Acta da reunión de ciclo Membros equipo de ciclo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Pedagogía - Implementación na aula (F6) | | | | | | |
|--|---|------------------------|--|-----------------------|--------------------|--|
| 3. OBXECTIVO : | Crear un repositorio de recursos dixitais por ciclos e a nivel de centro que favoreza o intercambio de materiais dixitais | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador/a TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Número de repositorio de contidos dixitais accesible a través da aula virtual | | | | | |
| Valor de partida | Non hai ningún repositorio | | | | | |
| Valor previsto e data | Hai un repositorio por ciclo e outro por centro | | | 21/06/2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO3.1: Realizar intercambios de experiencias de ensino-aprendizaxe no ámbito dixital entre o profesorado do mesmo ciclo | Coordinadores de ciclo | Unha vez por trimestre | Reunión de ciclo Profesorado de cada ciclo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: Crear un repositorio de recursos dixitais por ciclo | Coodinador ciclo/equipo TIC | 21/06/2023 | Aula virtual do centro Materiais seleccionados Profesorado | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.3: Crear un repositorio de recursos dixitais a nivel de centro | Equipo TIC | 21/06/2023 | Aula virtual do centro Materiais seleccionados Equipo TIC | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Prácticas de Avaliación (G) | | | | | | |
|--|--|-------------------|--|-----------------------|--------------------|--|
| 4. OBXECTIVO | Empregar os libros de cualificación no Moodle do E-Dixgal (5º-6º de Primaria) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE | Xefatura de Estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle | | | | | |
| Valor de partida | O 40% das materias do E-Dixgal | | | | | |
| Valor previsto e data | O 100% das materias do E-Dixgal | | | 22/12/2022 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO4.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións no Moodle E-Dixgal | Coordinador/a E-Dixgal | 30/09/2022 | Moodle E-Dixgal | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Creación de categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións | Profesorado de cada materia | 15/10/2022 | Moodle E-Dixgal Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.3: Incluir tarefas, probas e libros nas diferentes categorías e subcategorías. | Profesorado de cada materia | 22/12/2022 | Moodle E-Dixgal Actividades das materias | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.4: Cualificar tarefas, probas e libros no libro de cualificacións | Profesorado de cada materia | 22/12/2022 | Moodle E-Dixgal Actividades das materias | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado (H1-H3-H4-H10) | | | | | | |
|--|---|-------------------|--|----------------------|--------------------|--|
| 5. OBXECTIVO | Utilizar a aula de informática do centro polo alumnado ata cuarto de Primaria cun horario establecido | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Porcentaxe do alumnado ata cuarto de primaria que emprega a aula de informática. | | | | | |
| Valor de partida | O 10% do alumnado ata cuarto de Primaria emprega a aula de informática de xeito periódico. | | | | | |
| Valor previsto e data | O 60 % do alumnado ata cuarto de Primaria emprega a aula de informática de xeito periódico | | | | 21/06/23 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN ACCIÓN | ESTADO | |
| A05.1:Mellorar a disposición dos diferentes elementos da aula de informática | Equipo dinamización TIC Equipo directivo | 21/12/2022 | Mobiliario Recursos dixitais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.2: Actualizar o equipamento da aula de informática | Equipo directivo | 21/12/2022 | Equipamento informático Servizo técnico do centro e UAC | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.2:Establecer un horario flexible para que o alumnado poida empregar a aula de informática | Equipos de ciclo Xefatura de estudos | 01/10/2022 | Cadro horario | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.3:Facilitar a través da organización das actividades, a asistencia do alumnado á aula de informática. | Xefatura de estudos | 01/10/2022 | Organización das actividades Horario do profesorado | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.4: Apoiar a profesorado e ao alumnado nas actividades na aula | E. dinamización TIC | 21/06/2023 | Membros do equipo dinamización TIC Profesorado interesado | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |

| de informática. | Equipo de ciclo | | | | Pendente |
|---|--|------------------|---|----------------------|-------------|
| "Área/s de mellora": Pegadoxía: Implementación na aula (F5-F6) / Competencia Dixital do Alumnado (H7-H11) | | | | | |
| 6. OBXECTIVO | Participar no proxecto de innovación de Polos Creativos. | | | | Acadado |
| RESPONSABLE | Coordinador do Plan dixital - Equipo directivo | | | | Non acadado |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Creación do Polo Creativo | | | | |
| Valor de partida | Non hai Polo Creativo | | | | |
| Valor previsto e data | Polo Creativo creado e en funcionamento | | | 21/12/2022 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTAFIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO |
| AO6.1: Realizar o proxecto que esixe a solicitude dun Polo Creativo no centro | Coordinador/a do Equipo dinamizador do Plan dixital | 30/10/ 2022 | Proxecto Equipo dinamizador do Plan dixital | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| AO6.2 Solicitar a realización de actividade de formación do profesorado segundo establecido no proxecto presentado | Coordinador/a do Equipo dinamizador do Plan dixital | 30/10/2022 | Convocatoria formación profesorado | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| AO6.3 Crear unha aula do polo creativo para que alumnado cree produtos dixitais | Equipo directivo | 21/12/2022 | Espazo físico Orzamento para a compra de material necesario Unidade técnica | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |
| AO6.4: Realizar investigacións en novas modalidades de ensino-aprendizaxe coas TIC | Equipo dinamizador do Plan dixital Profesorado dos ciclos | 21/06/2023 | Profesorado Aula Polos Creativos Novas modalidades de ensino | | Realizada |
| | | | | | Aprazada |
| | | | | | Pendente |

| "Área/s de mellora": Colaboración e redes (B3) | | | | | | | |
|---|---|--------------------------|--------------------------------|------------------------------|------------|--------------------|--|
| 7. OBXECTIVO : | Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefatura de estudos ou Coordinador/a actividades extraescolares | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Número de colaboracións con outras entidades | | | | | | |
| Valor de partida | 1 colaboración (charlas, videochamadas, videoconferencias...) | | | | | | |
| Valor previsto e data | 4 colaboracións (charlas, videochamadas, videoconferencias...) | | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLE | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | | ESTADO | |
| AO7.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías" e programa "Navega con rumbo" | Coordinador/a actividades extraescolares | 31/10/2022 | Solicitud | | | Realizada | |
| | | | | | | Aprazada | |
| | | | | | | Pendente | |
| AO7.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (medio ambiente, ciencia en galego, ...) | Coordinador/a actividades extraescolares | 31/05/2023 | Poñentes Alumnado | | | Realizada | |
| | | | | | | Aprazada | |
| | | | | | | Pendente | |
| AO7.3: Realizar as charlas concertadas nos puntos anteriores | Xefe de estudos Profesorado dos diferentes ciclos | 31/05/2023 | Aula Material dixital Alumnado | | | Realizada | |
| | | | | | | Aprazada | |
| | | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo (D3) | | | | | | |
|--|--|-------------------|--|-----------------------|-------------|--|
| 8. OBXECTIVO : | Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Número de experiencias intercambiadas durante o curso | | | | | |
| Valor de partida | 0 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23 | | | | | |
| Valor previsto e data | 3 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23 | | | 31/05/23 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO8.1:Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro. | Equipo directivo | 21/06/23 | Convocatorias Claustro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO8.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros. | Equipo directivo Profesorado do centro | 21/06/23 | Web doutros centros,redes sociais e congresos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO8.3: Participar en intercambios de experiencias de profesorado doutros centros. | Equipo directivo | 31/05/23 | Profesorado Espazos físicos Espazos virutais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Pedagogía - Apoios e recursos (E) | | | | | | |
|---|--|-------------------|--|-----------------------|--------------------|--|
| 9. OBXECTIVO : | Normalizar o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Frecuencia na realización das actividades levadas a cabo na Aula Virtual | | | | | |
| Valor de partida | Realización de 1 actividade na AV por trimestre | | | | | |
| Valor previsto e data | Realización de 5 actividades da Av por trimestre | | | | 21/06/2023 | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRIPCIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO9.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro | Coordinador TIC | 01/10/2022 | Listado XADE Alumnado Profesorado | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO9.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro | Profesorado da materia | 21/06/2023 | Actividades creadas Repositorio de actividades dixitais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO9.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas | Profesorado da materia | 21/06/2023 | Actividades publicadas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para poder desenvolver o obxectivo 5 necesitaríamos:

- Anovar os equipos da aula de informática xa que hai 14 equipos sobremesa DELL dunha antigüidade considerable.
- Actualizar a maqueta Abalar libre de todos os equipos da aula de informática a unha versión recente e instalar software de control de aula tipo ePoptes en todos os equipos.

Precisaríamos da dotación de tres pantallas táctiles máis para que o alumnado con dificultades de accesibilidade poida traballar de xeito máis cómodo e sen atrancos.

Sería necesario dispoñer dun servizo dixital que permitese a creación de textos, presentacións, base de datos e follas de cálculo de xeito colaborativo entre o profesorado, para non ter que depender de servizos alleos á Consellería.

Sería preciso dispoñer dun engadido na aula virtual do centro e/ou aula virtual de E-Dixgal que permitise tamén a creación colaborativa de textos e presentacións entre o alumnado.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do plan de acción

Tal como vén reflectido nas táboas do plan de acción, realizaremos o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos do seguinte xeito:

- Trimestralmente, na CCP, realizarase unha valoración do estado da execución das accións programadas no trimestre, o cumprimento dos prazos establecidos e un breve avance dos resultados obtidos. Estes aspectos incluíranse na acta e serán comunicados aos diferentes ciclos na primeira reunión de ciclo despois de CCP. Na última CCP, terase en conta a valoración dos logros obtidos e propóranse melloras para ser incluídas na revisión anual do plan.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

- Trimestralmente, á vez que se realiza o seguimento iranse recollendo as propostas de mellora que vaian xurdindo.
- A final do curso, elaborárase unha memoria anual na que se recolla unha valoración final do seguimento realizado e se propoñan melloras para ser incluídas na redacción do plan para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

Para a aprobación deste plan, enviarase tanto aos membros do claustro como do consello escolar unha copia para o seu coñecemento e análise.

Nas ordes do día do claustro e consello escolar do curso 2022-2023, incluírase unha referencia ao plan dixital mencionando os obxectivos establecidos para ese curso. Ao profesorado de nova incorporación enviaráselle unha copia do mesmo á súa conta corporativa de correo-e.

Ao comezo do curso, entregaráselle unha copia dixital do plan ás persoas coordinadoras dos diferentes ciclos, departamentos e dinamizacións. O plan será publicado na páxina web do centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

Xunta Sans, a tipografía utilizada aquí, foi creada por María Ramos e Noel Pretorius (NM type) para a Xunta de Galicia en 2020.